



ROGO SOBRE A REPARACIÓN DO FIRME NA RÚA ULPIANO VILLANUEVA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rúa Ulpiano Villanueva, situada no barrio de Vite, presenta desde hai varios meses un estado lamentable no tocante ao seu firme, que cómpre remediar. Tal e como se pode apreciar no anexo fotográfico que se acompaña, o tramo en peor estado é o acceso principal á Escola Oficial de Idiomas. Nos seus pouco máis de 60 metros presenta un pavimento moi deteriorado que reúne multitude de fochancas e mesmo nas beirarrúas existen numerosas baldosas en mal estado e outras soltas que dificultan o tránsito polo lugar.

Na subida desta rúa Ulpiano Villanueva, en dirección á rúa de Vite de Arriba e nas proximidades do mesmo entronque co acceso á Escola Oficial de Idiomas, existe unha gran fochanca alongada motivada por un corte transversal realizado na calzada que cada paso adquire maiores dimensións e que está a ocasionar molestias, cando non danos, aos vehículos que por alí transitan.


Á vista desta situación formúlase o seguinte ROGO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se dean as instrucións precisas para a reparación do firme e das beirarrúas na rúa Ulpiano Villanueva, en especial na proximidades da Escola Oficial de Idiomas.

Santiago de Compostela, a 2 de marzo de 2018

María Teresa Cancelo Márquez
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela



ANEXO FOTOGRÁFICO

